



*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a distribución entre os distintos tribunais das persoas aspirantes definitivamente admitidas nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de ingreso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 21 de febreiro de 2019 (Diario Oficial de Galicia do 8 de marzo).*

Aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas pola Resolución do 3 de xuño de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, corrección de erros do 10 de xuño, e dado que nalgúns especialidades foi nomeado máis dun tribunal, procede determinar as persoas aspirantes que corresponde xulgar a cada tribunal, polo cal esta esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a asignación aos tribunais que xulgarán os procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de ingreso ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de profesores de música e artes escénicas, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores técnicos de formación profesional e mestres das persoas aspirantes definitivamente admitidas, segundo os criterios de distribución establecidos na base primeira, punto 5 da citada orde de convocatoria.

Segundo. Ordenar a publicación da asignación de persoas aspirantes aos distintos tribunais no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/>.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela  
O director xeral de Centros e Recursos Humanos  
José Manuel Pinal Rodríguez

